
RUFUS

O MORCEGO QUE ADORABA AS CORES

Texto e ilustracións de TOMI UNGERER

Tradución de SANDRA e ÓSCAR SENRA GÓMEZ

Encadernado en cartóné. 20 x 28 cm. 40 páx. 15 €.

Rufus. O morcego que adoraba as cores (galego)
ISBN 978-84-8464-315-9. Tras os montes.

Rufus. El murciélago que adoraba los colores (castelán)
ISBN 978-84-8464-314-2. Clásicos contemporáneos.


Rufus. El ratpenat apassionat dels colors (catalán)
ISBN 978-84-16804-17-7. Clàssics contemporanis.

Rufus era un morcego. Durante o día, penduraba do teito da súa cova e durmía. Polas noites, saía da cova e ía de caza. Unha noite, viu un cinema ao ar libre onde botaban un filme. Era a primeira vez que Rufus vía cores brillantes...

“Rufus” é un clásico de 1961 ao que precederon outros álbums destacados nos que Tomi Ungerer elixía animais pouco convencionais como protagonistas: a boa “Críctor” (1958), a canguro “Adelaida” (1959) e o polbo “Emilio” (1960) tamén encarnaron intrépidas aventuras. Na historia do morcego que adoraba as cores, o autor critica os prexuízos da sociedade cara a quen é diferente ou se aparta dos canons establecidos.

Porque cando Rufus descobre a luminosidade do amencer e decide pintarse de rosa, azul, violeta, verde... a xente reacciona con agresividade e violencia. Pero grazas á sensibilidade dun doutor, o pequeno quiróptero cura das feridas. El axúdao a aceptar a negrura do seu aspecto e a súa natureza nocturna, que non serán obstáculo para que entre eles continúe a amizade.

Como en “Os tres bandidos”, Tomi Ungerer xoga cos contrastes, non só a nivel narrativo, senón tamén estético: de trazos grosos, as ilustracións destacan por alternar fondos escuros e claros sobre os que sobresaen os personaxes e outras figuras.



-
- **Temática:** a diferenza, a amizade.
 - **Idade recomendada:** a partir de 5 anos.
 - **Aspectos destacables:** do autor e ilustrador de “Os tres bandidos”, “Críctor”, “Adelaida”, “Emilio” e “Onde está o meu zapato?” (Kalandraka); amizade, sensibilidade, bondade; aceptación da propia imaxe; cores, natureza.
-

Tomi Ungerer

(Estrasburgo, 1931)

O ambiente bélico dos seus primeiros debuxos reflectía o seu rexeitamento á guerra e ao fascismo. En 1956 emigrou a Nova York, onde comezou a escribir libros infantís que tiveron moito éxito. Publicou en medios tan importantes como The New Yorker, Esquire, Life Show ou Fortune. Xa no cumio da súa carreira durante os anos 60, Ungerer plasmou na súa obra a súa reacción contra a hipocresía e a superficialidade da sociedade americana. Mudouse a unha granxa en Canadá e a finais dos 70 trasladouse a Irlanda coa súa familia. A súa produción, que abrangue catro décadas de creación, calcúlase entre 30.000 e 40.000 traballos de diferentes estilos, e máis de 120 libros. Entre outros galardóns, recibiu a Medalla de Ouro da Sociedade de Ilustradores e o Premio Hans Christian Andersen en 1998. Ao retirarse como debuxante desenvolveu a súa faceta como filántropo, volcándose en causas humanitarias.
<http://www.tomiungerer.com>
<https://www.musees.strasbourg.eu/musee-tomi-ungerer>

www. **Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
